

Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (IGVS) para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; polo que o IGVS debe resolver, caso de no telo feito á data de recepción desta resolución, o recurso de alzada interposto o 30 de maio do 2023 (R.X.E.2023/1607698)

Expediente: C.8.Q/439/24

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Don XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data do 2 de febreiro do 2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“Solicitud de subvención BONO ALUGUEIRO MOCIDADE en Julio 2022 denegación en abril 2023 por motivo que considero erróneo

Presento RECURSO DE REPOSICIÓN 30/05/2023

Presento solicitud resolución expresa

A día de hoy 02/02/2024 sigo sin respuesta”

O promotor da queixa aporta copia do escrito presentado ante este órgano en datas 01/07/2022 e 30/05/2023 con nº expediente XXX."

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite, promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese órgano con data do 13 de febreiro (R.S.3235/24).

TERCEIRO.- Con data do 27 de febreiro do 2024 (R.E. 2221/24) recíbese nesta institución un informe remitido polo IGVS, no que se fai constar literalmente o seguinte:

"Á vista da queixa presentada ante a Valedora do Pobo por XXX e logo de comprobar a oportuna información que obra nesta dirección técnica, como órgano encargado da instrución do expediente sobre o que se xera a queixa, resulta o seguinte:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Artigo 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.*

2. *RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de bono alugueiro mocidade e se procede a súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2022 (código de procedemento VI482E) (DOG do 30 de xuño de 2022).*

INFORME

- Trala publicación da Resolución do 27 de xuño de 2022 e durante o prazo de presentación de solicitudes, comprendido entre o 1 de xullo de 2022 ata o 31 de outubro de 2022 recibíronse 14.441 solicitudes.

- De conformidade co establecido nos ordinais 1º.3 e 16º da dita resolución, as concesións das axudas tramitáronse polo procedemento de concorrencia non competitiva (é dicir, por estrita orde cronolóxica de entrada e co expediente completo), ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 9.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A solicitude presentada pola persoa interesada asignóuselle o número XXX, polo tanto, tramitouse coa referencia XXX .

- O 3 de maio de 2023 notificase a resolución de denegación da axuda, por non estar empadroado na vivenda ou habitación arrendada ou cedida no momento da solicitude.

Con data do 30 de maio de 2023 XXX presentou un recurso de alzada, así pois, o recurso de alzada atópase na data de hoxe en trámite de instrución, dado o volume de solicitudes de axudas presentadas no Programa do Bono Alugueiro Mocidade.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe do IGVS, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quéixase de que :

- Solicitara o Bono Alugueiro Mocidade en xulio 2022, que foi denegado en abril 2023, polo que interpuxera o 30/05/2023 un recurso de alzada. Posteriormente, o 7/8/2023 solicitara resolución expresa.
- Cando formula queixa nesta institución, 8 meses despois segue sen ser notificado da resolución do citado recurso.
- Aporta copia do recurso presentado con entrada en Rexistro Xeral XXX e do escrito no que solicitaba resolución expresa.

Segunda: O artigo 103 da Constitución Española sinala que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos. O artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: A *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración*, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dispón:

“A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.”

E no artigo 3: *“A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”*

No artigo 4.Principios

“Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao IGVS o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Na tramitación dos expedientes a Administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; polo que o IGVS debe resolver, caso de no telo feito á data de recepción desta resolución, o recurso de alzada interposto o 30 de maio do 2023 (R.X.E.2023/1607698)”



Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdaa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo